

**CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIVEIRO, O CONSORCIO INTERUNIVERSITARIO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (CISUG) E A COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA (CIUG) PARA A REALIZACIÓN NO CONCELLO DE VIVEIRO DAS PROBAS AVALIACIÓN DO BACHARELATO PARA AO ACCESO Á UNIVERSIDADE (ABAU)**

Na data da sinatura dixital

**REUNIDOS**

**Dunha parte**, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, Alcaldesa do Excmo. Concello de Viveiro, **actuando** en nome e representación do Excmo. Concello de Viveiro, facultada para a subscrición do presente documento por acordo plenario de data 08 de maio de 2024, asistida pola Secretaria da Corporación, D<sup>a</sup>. María Luz Balsa Rábade .

Doutra parte, **D. Ricardo Cao Abad**, nomeado como reitor magnífico da Universidade da Coruña no DOG nº 10 do 15 de xaneiro de 2024, como Presidente e representante legal do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (en diante CISUG) (CIF: Q1500428F) con poder suficiente segundo o artigo 12.2. 1º dos Estatutos do mencionado consorcio publicados no DOG nº 111 do 12 de xuño de 2018 que establece que: *“Representar legalmente o CISUG nos actos, convenios e contratos en que este debe intervir e ante as autoridades e tribunais de toda clase, para o que poderá outorgar os apoderamentos que considere oportunos.”*



**E doutra**, Pedro Armas Diéguez, delegado do reitor da Universidade de A Coruña, **actuando en nome e** representación da Comisión Interuniversitaria de Galicia (en diante CIUG), nomeado presidente da CIUG pola “*RESOLUCIÓN do 19 de decembro de 2023 pola que se nomean os membros da Comisión Interuniversitaria de Galicia e se fan públicos os parámetros de ponderación de materias para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema universitario de Galicia no curso 2024/25, aprobados nos respectivos consellos de goberno das universidades públicas de Galicia.*”. DOG Núm. 3 Xoves, 4 de xaneiro de 2024 Páx. 552).

As partes, na representación que ostentan e recoñecéndose plena capacidade para actuar e subscribir o presente Convenio,



## EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que as partes fundamentan a competencia da súa actuación:

O Concello de Viveiro na base do artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no que se regulan as relacións interadministrativas como a subscripción de convenios.

Por parte do CISUG o artigo 9.2 dos Estatutos do Consorcio prevé: a conclusión de cantos contratos ou convenios con persoas físicas o xurídicas sexan necesarios para o desenvolvemento das súas funcións.

Ao abeiro da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, artigo 66, e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, con data do 28 de maio de 2018 asinouse un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as tres Universidades do SUG para a creación do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG), xunto cos seus estatutos (publicado por Resolución do 1 de xuño de 2018 no DOG núm. 111 do 12 de xuño).

**Segundo.-** Coa creación desta figura xurídica CISUG as universidades acordaron a colaboración mutua en calquera área de xestión agregando os recursos de cada unha delas, homoxeneizando os procesos e facilitando o intercambio de información. Deste xeito, preténdese xestionar elementos de forma integrada aforrando custos, fomentando a colaboración e proporcionando maior transparencia e unha información rápida, auténtica e de calidade no Sistema Universitario de Galicia.



O CISUG ten como obxectivo (artigo 3 do seus estatutos) a cooperación organizativa, económica, técnica e administrativa do SUG, para acadar unha maior calidade e eficiencia das universidades que o constitúen.

*Artigo 4. Fins e funcións Para a realización do seu obxecto, as entidades consorciadas colaborarán. ..."No desenvolvemento de proxectos colaborativos que redundan nunha maior eficiencia, eficacia ou consecución de fins de interese común do Sistema universitario de Galicia, en con fondos propios dos membros do Consorcio ou con achegas de calquera outra entidade pública ou privada nacional ou internacional con que se considere de interese colaborar".. ".No deseño e xestión dos procedementos de acceso e admisión de estudantes á universidade mediante unha fórmula colaborativa."*

**Terceiro.-** Que a celebración deste Convenio atópase acreditado polo establecido no artigo 48.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público: *"As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia."*

Así mesmo, debe terse en conta o disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que establece os requisitos e condicións para que os acordos de cooperación non queden sometidos ao seu ámbito de aplicación:

1. *Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador.*

*A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións:*



- a) *As entidades intervinientes non han de ter vocación de mercado, a cal se presumirá cando realicen no mercado aberto unha porcentaxe igual ou superior ao 20 por cento das actividades obxecto de colaboración. Para o cálculo da devandito porcentaxe tomarase en consideración a media do volume de negocios total ou outro indicador alternativo de actividade apropiado, como os gastos soportados considerados en relación coa prestación que constituía o obxecto do convenio nos tres exercicios anteriores á adxudicación do contrato. Cando, debido á data de creación ou de inicio de actividade ou á reorganización das actividades, o volume de negocios ou outro indicador alternativo de actividade apropiado, como os gastos, non estivesen dispoñibles respecto dos tres exercicios anteriores ou perdesen a súa vixencia, será suficiente con demostrar que o cálculo do nivel de actividade correspóndese coa realidade, en especial, mediante proxeccións de negocio.*
- b) *Que o convenio estableza ou desenvolva unha cooperación entre as entidades participantes coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben préstanse de modo que se logren os obxectivos que teñen en común.*
- c) *Que o desenvolvemento da cooperación guíese unicamente por consideracións relacionadas co interese público.*



2. *Estarán tamén excluídos do ámbito da presente Lei os convenios que celebren as entidades do sector público con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, sempre que o seu contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais.*
  
3. *Así mesmo, quedan excluídas do ámbito da presente Lei as encomendas de xestión reguladas na lexislación vixente en materia de réxime xurídico do sector público.*

**Cuarto.-** A oportunidade de asinar este Convenio entre as partes co fin de que o alumnado de Bacharelato que cursa estudos en centros da Mariña lucense realice as probas de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU) dentro do termo municipal de Viveiro debido ao interese deste Concello por buscar a consecución dun fin común de interese xeral como é a realización destas probas por parte do alumnado indicado, atendendo ao establecido no artigo 140 da lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público sobre os principios das relacións interadministrativas.

Tendo en conta os antecedentes establecidos, as partes acordan a subscripción do presente Convenio en base ás seguintes:



## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

Atendendo ao disposto no artigo 49 c) da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, identificarase o fin común de interese xeral que persigue a celebración do convenio e as actuacións a realizar por cada unha das partes para o seu cumprimento.

O obxecto deste Convenio é establecer as bases de colaboración entre o Concello de Viveiro, o CISUG, e a CIUG para a realización, dentro do termo municipal de Viveiro, das probas de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU) para o alumnado de Bacharelato que cursa estudos en centros situados na Mariña lucense durante as convocatorias ordinaria (xuño) e extraordinaria (xullo) do ano 2024.

O Concello de Viveiro está interesado en que as probas de Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU) para o alumnado de Bacharelato dos centros que se relacionan no **Anexo I** se celebren no termo municipal de Viveiro.

O Consorcio CISUG, e a CIUG aceptan o anterior conforme os condicionamentos resultantes do presente Convenio.

### SEGUNDA.- Obrigas e compromisos económicos

A sinatura deste convenio supón unha serie de obrigas e compromisos económicos, seguindo o disposto no artigo 49 d) da Lei 40/2025 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, indícase neste punto que a financiación dos gastos que ocasione a celebración das probas correrá a cargo do Excelentísimo. Concello de Viveiro, sendo a contía dos mesmos de **18.033,70 euros**, que se fará efectiva ao remate da convocatoria de xullo, en todo caso, antes de mes de outubro.



Inclúese como **Anexo II** a relación de gasto para o Concello de Viveiro pola realización das probas da ABAU acollidas por este acordo. No caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que sexa posible atender na propia comisión delegada de Viveiro, a CiUG nomeará os vogais necesarios para poder atender ao alumnado na propia comisión delegada co correspondente incremento de persoal.

### **TERCEIRA.- Establecemento dunha comisión mixta de seguimento**

En cumprimento do disposto no artigo 49.f) de la Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público para un adecuado seguimento, vixilancia e control do desenvolvemento e execución das accións incluídas no presente Convenio e dos compromisos adquiridos polas partes, constituirase una Comisión Mixta de Seguimento, integrada por dous representantes de cada unha das partes intervenientes.

Esta Comisión Mixta de Seguimento constituirase aos trinta días da firma do presente Convenio e terá as seguintes funcións:

1. Seguimento e control da execución dos traballos previstos.
2. Resolución das posibles dúbidas na interpretación e cumprimento dos termos do Convenio.
3. Resolución das situacións, circunstancias e imprevistos que se vaian presentando durante o seu período de vixencia.
4. Poderá igualmente recadar informes periódicos con obxecto de levar a cabo o seguimento das actuacións, así como o seu grado de adecuación aos obxectivos de este Convenio.

A Comisión Mixta de Seguimento reunirse cando menos unha vez ao ano e poderá ser convocada a instancia de calquera das partes.





#### CUARTA.- Vixencia

Atendendo ao artigo 49 h) da Lei 40/2015, 2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establécese unha vixencia dende a firma do presente convenio ata outubro 2024, cubrindo o período das probas obxecto do mesmo e o pagamento dos compromisos e obrigas económicas establecidas na cláusula segunda.

#### QUINTA.- Natureza xurídica

Este convenio ten natureza administrativa, séndolle de aplicación a previsión do artigo 12.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, polo que queda fóra da aplicación desta Lei rexéndose polas estipulacións contidas no mesmo.

#### SÉTIMA.- Causas de extinción

O Convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que son obxecto deste convenio ou por incorrer en causa de resolución; segundo o artigo 51.2 da Lei 40/2015, 2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público son causas de resolución:

- a) *O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.*
- b) *O acordo unánime de todos os asinantes.*
- c) *O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.*
- d) *Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte non cumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.*
- e) *Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolvido o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.*



- f) *Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.*
- g) *Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.*

#### **OITAVA.- Xurisdición**

Este é produto da boa fe, polo que calquera controversia, discrepancia, cuestión ou reclamación derivada da execución ou interpretación do presente Convenio resolverase mediante acordo entre as partes no seo da Comisión Mixta de Seguimento prevista na cláusula cuarta.

Só no caso de que isto non fose posible, as partes, con renuncia expresa ao foro que puidese corresponderlles, sométense expresamente á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais da cidade de Santiago de Compostela para a resolución de calquera diverxencia que puidese xurdir debido á interpretación ou execución deste convenio.

#### **NOVENA.- Autorización para a publicación dos datos dos asinantes no portal de transparencia**

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e mais no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.



## DÉCIMA.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais. Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular.

E para que así conste e xurda os oportunos efectos, ámbalas partes se ratifican no exposto e asinan o presente documento:

Polo Concello de Viveiro,  
a Alcaldesa:

D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_

Polo Concello de Viveiro,  
a Secretaria:

D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_

Polo CISUG,  
o Presidente:

D. \_\_\_\_\_

Pola CIUG,  
o Presidente:

D. \_\_\_\_\_





**ANEXO I****COMISIÓN DELEGADA**

IES Vilar Ponte (Viveiro)

Tlfn.: 982.56.07.84

Fax.: 982.56.07.83

(206)	IES Dionisio Gamallo Fierros	Ribadeo
(208)	IES Vilar Ponte	Viveiro
(211)	IES de Foz	Foz
(212)	IES Monte Castelo	Burela
(228)	IES Porta da Auga	Ribadeo
(229)	IES Marqués de Sargadelos	San Cibrao



(230) IES Perdouro

Burela

(231) IES María Sarmiento

Viveiro



## ANEXO II

### CONCELLO DE VIVEIRO

#### Convocatoria de xuño

Gastos de persoal		Custo	Membros	Custo total
Presidencia	Gratificación por actuación	555,00 €	1	555,00 €
Secretaría	Gratificación por actuación	485,00 €	1	485,00 €
Vogais	Gratificación por actuación	335,00 €	9	3.015,00 €
Persoal administrativo	Gratificación por actuación	320,00 €	1	320,00 €
Persoal subalterno	Gratificación por actuación	160,00 €	1	160,00 €
			13	
			<b>Sub Total</b>	<b>4.535,00 €</b>

Gastos trasladados	Custo	días/viaxes	km	Membros	Custo
Aloxamento (Hotel)	77,78 €	3		12	2.800,08 €
Manutención	44,09 €	4		12	2.116,32 €
Viaxes Viveiro-Santiago <sup>1</sup>	0,26	2	125	12	780,00 €
				<b>Sub Total</b>	<b>5.696,40 €</b>

<b>Total gastos convocatoria xuño</b>	<b>10.231,40 €</b>
---------------------------------------	--------------------

#### Convocatoria de xullo

Gastos de persoal		Custo	Membros	Custo total
Presidencia	Gratificación por actuación	555,00 €	1	555,00 €
Secretaría	Gratificación por actuación	485,00 €	1	485,00 €
Vogais	Gratificación por actuación	335,00 €	6	2.010,00 €
Persoal administrativo	Gratificación por actuación	320,00 €	1	320,00 €
Persoal subalterno	Gratificación por actuación	160,00 €	1	160,00 €
			10	
			<b>Sub Total</b>	<b>3.530,00 €</b>

Gastos trasladados	Custo	días/viaxes	km	Membros	Custo
Aloxamento (Hotel)	77,78	3		9	2.100,06 €
Manutención	44,09	4		9	1.587,24 €
Viaxes Viveiro-Santiago <sup>1</sup>	0,26	2	125	9	585,00 €
				<b>Sub Total</b>	<b>4.272,30 €</b>

<b>Total gastos convocatoria xullo</b>	<b>7.802,30 €</b>
--	-------------------

<b>TOTAL GASTOS PROBA ABAU 2024</b>	<b>18.033,70 €</b>
-------------------------------------	--------------------

\*1- Custo de quilómetro segundo a "Orde HFP/792/2023, de 12 de xullo"

